

ACTA Nº: 36 / 2023**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ECONOMÍA E FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 24.11.2023****EXPEDIENTE GD 15384/2023**

LUGAR: Sesión celebrada no Pazo da Peregrina por mor das obras no salón de sesións da Casa Consistorial.

DÍA: 24.11.2023

HORA DE COMEZO: 12:30 h.

HORA DE FINALIZACIÓN: 12:45 h.

PERSOAS ASISTENTES:

Grupo municipal Socialista	Susana Señorís Rodríguez
	Ana Belén Paz García
	Carmen Porto Rey
Grupo municipal Popular	Roberto Martínez Viaño
	Pablo Beiroa Pampín
Grupo municipal BNG	David Santomil Mosquera
	Rosalía Seijas Tuñas
Grupo municipal Espazo Común	Luísa Feijóo Montero

Actúa como presidenta Susana Señorís Rodríguez, concelleira delegada de Economía e Facenda; e como secretaria Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames. Asiste tamén a interventora municipal, Margarita Fernández Sobrino.

ORDE DO DÍA:

Punto primeiro. Aprobación de acta/s anterior/es (sesión ordinaria de 20.10.2023; sesión extraordinaria e urxente do 21.11.2023). Expedientes GD 13472/2023 e 15231/2023 respectivamente.

Punto segundo. Modificación do lote 1 do servizo de monitorización dos programas municipais de conciliación de vida laboral e familiar do Concello de Ames. Monitores e persoal da rede de comedores escolares. Expediente GD 9381/2021.

Punto terceiro. Modificación do lote 2 do servizo de monitorización dos programas municipais de conciliación de vida laboral e familiar do Concello de Ames. Monitores e almorzos en Bos días cole. Expediente GD 9382/2021.

Punto cuarto. Aprobación recoñecemento extraxudicial de crédito. Expediente GD 14970/2023.

DELIBERACIÓNS E ACORDOS.

PUNTO PRIMEIRO. APROBACIÓN DE ACTA/S ANTERIOR/ES (SESIÓN ORDINARIA DE 20.10.2023; SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 21.11.2023). EXPEDIENTES GD 13472/2023 E 15231/2023 RESPECTIVAMENTE.

A acta da sesión ordinaria do 20.10.2023 é aprobada por maioría absoluta dos membros da comisión, cos votos a favor de Susana Señorís Rodríguez, Ana Belén Paz García, Carmen



Porto Rey, David Santomil Mosquera, Rosalía Seijas Tuñas e Luísa Feijóo Montero, e coa abstención dos/as restantes concelleiros/as por non ter estado naquela sesión.

A acta da sesión extraordinaria e urxente do 21.11.2023 é aprobada por maioría simple dos membros da comisión, cos votos a favor de Ana Belén Paz García, David Santomil Mosquera, Rosalía Seijas Tuñas e Luísa Feijóo Montero, e coa abstención dos/as restantes concelleiros/as por non ter estado naquela sesión.

PUNTO SEGUNDO. MODIFICACIÓN DO LOTE 1 DO SERVIZO DE MONITORIZACIÓN DOS PROGRAMAS MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN DE VIDA LABORAL E FAMILIAR DO CONCELLO DE AMES. MONITORES E PERSOAL DA REDE DE COMEDORES ESCOLARES. EXPEDIENTE GD 9381/2021.

A proposta da Alcaldía de modificación do lote 1 do servizo de monitorización dos programas municipais de conciliación de vida laboral e familiar do Concello de Ames. Monitores e persoal da rede de comedores escolares é ditaminada favorablemente por maioría simple, cos votos a favor dos tres concelleiros do grupo municipal socialista e coa abstención dos/das restantes concelleiros/as da comisión.

PUNTO TERCEIRO. MODIFICACIÓN DO LOTE 2 DO SERVIZO DE MONITORIZACIÓN DOS PROGRAMAS MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN DE VIDA LABORAL E FAMILIAR DO CONCELLO DE AMES. MONITORES E ALMOZOS EN BOS DIAS COLE. EXPEDIENTE GD 9382/2021.

A proposta da Alcaldía de modificación do lote 2 do servizo de monitorización dos programas municipais de conciliación de vida laboral e familiar do Concello de Ames, monitores e almozos en Bos días cole é ditaminada favorablemente por maioría simple, cos votos a favor dos tres concelleiros do grupo municipal socialista e coa abstención dos/das restantes concelleiros/as da comisión.

PUNTO CUARTO. APROBACIÓN RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. EXPEDIENTE GD 14970/2023.

A proposta da Alcaldía da aprobación recoñecemento extraxudicial de crédito é ditaminada favorablemente por maioría simple, cos votos a favor dos tres concelleiros do grupo municipal socialista e coa abstención dos/das restantes concelleiros/as da comisión.

Sen mais asuntos que tratar a presidenta remata a sesión de todo o que eu, como secretaria, deixo constancia.

A presidenta,

Susana Señorís Rodríguez

A secretaria,

Rosa Ana Prada Queipo

HASH DO CERTIFICADO:
DCA F08587B6280B37A145073275F726E60DD84CA
730CB0C7BEDE26CF91FFE12FB1AD5324897DCDF6

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría
Concelleira

NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
SEÑORIS RODRIGUEZ, SUSANA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2FED6777C51D36C4DA2

